


Reflexión en espellos

Un espello é unha superficie pulida que pode reflectir os raios luminosos. Segundo a forma xeométrica desta superficie temos espellos planos, esféricos....

- Nun espello plano cúmprese:

$$\frac{n'}{s'} = \frac{n}{s}$$

A imaxe nun espello plano é virtual, igual e dereita. tal e como se observa no debuxo.



- Nun espello esférico:

Poden ser cóncavos ou convexos, a ecuación fundamental para os espellos é:

$$\frac{1}{s} + \frac{1}{s'} = \frac{2}{R}$$

R: é o radio da circunferencia que contería ao espello esférico, o punto C, centro de curvatura, que representamos ao construír a imaxe dun espello esférico sería o centro de dita circunferencia, o foco do espello está no punto medio entre o punto C e o foco do espello, O.

Segundo o dito, a distancia focal:

$f = f' = \frac{R}{2}$ de xeito que tamén podemos escribir:


$$\frac{1}{s} + \frac{1}{s'} = \frac{1}{f'} = \frac{1}{f}$$

Tamaño da imaxe:

$$A_L = \frac{y'}{y} = -\frac{s'}{s}$$

Formación de imaxes nos espellos esféricos

- Un raio que chega paralelo ao eixe óptico, ao reflectirse no espello, pasa polo foco F.
- Un raio que pasa polo foco do espello (ou a súa prolongación), F, reflíctese paralelamente ao eixe óptico.
- Un raio que pasa (ou a súa prolongación) polo centro de curvatura do espello, C, reflíctese na mesma traxectoria, sen sufrir desviación.



Facede estas representacións, igual que fixéstedes as das lentes, e como tarefa a maiores decide como son as imaxes para cada caso: dereita ou invertida, real ou virtual e maior menos ou igual.